



Expediente 5.941/2016

SESIÓN ORDINARIA 12/2016 CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 8 DE SETEMBRO 2016

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións ordinaria número 10/2016 do 28/07/2016 e extraordinaria número 11/2016 do 29/08/2016.
2. Dar conta expedientes de modificación de créditos.
3. Dar conta resolución de reformulación do Plan Concertado servizos sociais.
4. Aprobación, no seu caso, festas locais para o ano 2017.
5. Designación representantes do Concello de Redondela na Area Metropolitana de Vigo.
6. Prórroga do III Plan de Igualdade de Oportunidades Municipal do Concello de Redondela.
7. Acordo para solicitar a desafectación do servizo educativo dalgunhas das vivendas dos mestres antigo colexio Encinas Redondela.
8. Aprobación, se procede, expediente recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 2.164,28 €.
9. Aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal do Imposto de Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana.
10. Actividade de control do pleno
 - 10.1 Dar conta das resolucións de alcaldía
 - 10.2 Solicitudes de comparecencia
 - 10.3 Mocións
 - 10.4 Rogos e preguntas
11. Renuncia ao seu posto de concelleiro de Francisco Javier Alonso González.

No Multiusos da Xunqueira, habilitado como salón de sesións por resolución da alcaldía de data 02 de setembro de 2016, e sendo as vinte horas do 8 de setembro de 2016 coa presidencia do alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as concelleiros/as: Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, María Teresa París Blanco, Jesús Crespo López, María José Barciela Barros, Arturo González Barbeiro, María del Carmen Amoedo Dasilva, Julio César Mougán Vázquez, Francisco Javier Alonso González, Ana Isabel Rey Gómez, Eduardo José Reguera Ocampo, Digna Rosa Rivas Gómez, Leonardo Cabaleiro Couñago, Mauro Álvarez Castro, Leticia González Guisande, Ricardo Figueroa Rodríguez, José Bernardo Crespo Abal, Beatriz Laíño Ferreira, Jorge Varela Couñago, Xoán Carlos González Campo e Raquel Quintans Costoya.

Tamén asistiu o interventor do Concello, Angel Santamariña Rivera; e actuando como secretaria, a secretaria accidental, Paloma Meno Rodríguez.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Constitúese validamente o Pleno do Concello, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

INCIDENCIAS:

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero e violencia contra a infancia.

O Alcalde retira o punto 9 da orde do día. Aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal do Imposto de Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana.

O Alcalde fai un receso ás 22.20 e reanúdase a sesión ás 22.40 horas.

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións ordinaria número 10/2016 do 28/07/2016 e extraordinaria número 11/2016 do 29/08/2016.

Dase conta dos borradores das actas das sesións ordinaria número 10/2016 do 28/07/2016 e extraordinaria número 11/2016 do 29/08/2016.

Sometidos a votación os mencionados borradores, apróbanse nos seus propios termos por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita)

2. Dar conta dos expedientes de modificación de crédito 10/2016.GC05/2016 e 11/2016.IR02/2016

Dase conta do expediente de modificación de crédito MC 10/2016.GC05/16 mediante xeración de créditos por importe de 456.867,20 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 11.08.2016.

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 11/2016.IR02/2016 mediante a incorporación de remanente de crédito por importe de 22.760,62 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 11.08.2016.

O Concello Pleno quedou enterado dos expedientes administrativos de modificación de crédito, anteriormente relacionados.

3. Dar conta resolución de reformulación do Plan Concertado servizos sociais.

Dase conta da Resolución da Alcaldía de data 29 de agosto de 2016 de reformulación do plan concertado servizos sociais.

O pleno do Concello queda informado.

4. Aprobación, no seu caso, festas locais para o ano 2017.

ANTECEDENTES:

Ditame da comisión informativa de interior na súa sesión do día 25/08/2016 que di:



“PROPOSTA DO PRESIDENTE DA COMISIÓN INFORMATIVA DE INTERIOR, SOBRE A FIXACIÓN DAS FESTAS LOCAIS 2017.-

O 19.07.2016 recibíuse o escrito do Servizo de Emprego e Economía Social da Consellería de Economía, Emprego e Industria no que solicitan se propoña as festas locais para o ano 2017.

Tendo en conta o artigo 37.2 do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, 45 e 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, declarado vixente pola disposición derogatoria única do Real Decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo.

Visto o Decreto 76/2016, do 9 de xuño, publicado no DOG nº 128, do 7 de xullo, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2017 así como as festas previstas no ámbito estatal.

Esta Presidencia, en virtude do que antecede, propón á Comisión Informativa de Interior que ditamine favorablemente a adopción polo Pleno dos seguintes acordos:

Primeiro.- Fixar como Festas Locais para o ano 2017:

24 de abril – LUNS DO CRISTO

15 de xuño – XOVES DA COCA

Segundo.- Achegar o presente acordo, antes do 30 de setembro de 2016, ao Servizo de Emprego e Economía Social.

A Comisión Informativa de Interior, en votación ordinaria, acorda informar favorablemente a proposta, cos votos favorables do PP e PSdG-PSOE e cos votos en contra dos grupos AER, e BNG.”

INTERVENCIÓNS:

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que apoiaría que os festivos fosen, o martes de Entroido e o día da Coca.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO quere que conste en acta que votaron en contra na Comisión informativa, aínda que está de acordo co do xoves da Coca, apostan por o 24 de xuño, porque este ano cae en sábado e, tamén o martes de Entroido.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que o PSdeG-PSOE apoia os días propostos.

A concelleira AMOEDO DASILVA non entende que o PSdeG-PSOE apoie a moción que se votou en contra de asistir a actos relixiosos e procesións pola Corporación e ademais esta proposta dos festivos locais porquen teñen un contido relixioso, di que hai incoherencia.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO resposta á concelleira Amoedo Dasilva, dicindo que están falando de festas locais e que distinguen as representacións locais dos actos relixiosos realizados propios e particulares. Remata dicindo que non van apoiar esta proposta.

O concelleiro VARELA COUÑAGO resposta á concelleira Amoedo Dasilva dicindo que eles non prohíben ir ás procesións de xeito particular senon en representación da Corporación segundo a moción aprobada, mantéñense na súa proposta.



O concelleiro REGUERA OCAMPO resposta á concelleira Amoedo Dasilva que non entende como saca este tema das procesións neste asunto a debate, expoñe que o que dixeron na Comisión Informativa é que respectan o xoves da Coca, por ser día do Corpus. Que preferían o luns do Cristo por ser unha ponte magnífica e o martes de Entroido porque en Redondela pola tarde pecha todo. Dille que son uns antidemócratas xa que aprobouse por maioría que non podían asistir ás procesións en representación da Corporación e seguen a ir. Non respectan os votos da democracia. Hai un acordo plenario que hai que respectar.

A concelleira AMOEDO DASILVA resposta ao concelleiro Reguera Ocampo que o saca a colación porque os festivos locais teñen un marcado sentido relixioso. Porque hai incongruencia na súa postura, entre apoio á moción en contra de representación da Corporación ás procesións e aos festivos locais con marcado contido relixioso. Di que os antidemócratas son eles porque apoiaron unha moción da que non ten competencia o pleno segundo informe da Secretaria Xeral. Remata respostando ao concelleiro Varela Couñago que a moción que propuxeron e aprobaron en contra de representación da Corporación ás procesións, non ten competencia o pleno para aprobar.

VOTACION E ACORDO:

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as, sendo 15 votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE) e 6 en contra (4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita).

5. Designación representantes do Concello de Redondela na Area Metropolitana de Vigo.

ANTECEDENTES:

Proposta da Alcaldía de data 05/09/2016:

“Considerando que de acordo co previsto na Lei 4/2012 do 12 de abril da Area Metropolitana de Vigo modificada pola lei 14/2016 do 27 de xullo (LAMV), cómpre a designación dos representantes do Concello de Redondela na mesma.

Resultando que por mor do previsto no artigo 6 artigo 6 da LAMV *as persoas titulares das alcaldías serán membros natos da asemblea metropolitana e poderán delegar a súa representación nunha concelleira ou nun concelleiro da súa corporación. Esta delegación deberá ser xenérica e por tempo indefinido. O resto de concelleiras ou concelleiros metropolitanos que non sexan membros natos son designados polo pleno do concello de cada municipio de entre as súas concelleiras ou concelleiros. Cada concello, no prazo de trinta días desde a constitución das corporacións, debe convocar a sesión extraordinaria do pleno, na que se tomará coñecemento das concelleiras ou dos concelleiros designados polos grupos políticos como representantes na asemblea metropolitana.*

Considerando que consonte coa disposición transitoria segunda da mesma norma o Concello deberá designar catro representantes na asemblea metropolitana, dous pertencentes á candidatura do PP (un deles o Alcalde como membro nato ou concelleiro/a en quen delegue), un ao PS de G-PSOE e un á AER.

Unha vez requeridos os devanditos grupos para formular a proposta de designación e verificado polo tanto dito trámite teño a ben propor ao Pleno do Concello a designación dos seguintes representantes.

Concello de Redondela



Polo Partido Popular: JAVIER BAS CORUGEIRA (Alcalde)

MARIA DEL CARMEN AMOEDO DASILVA.

Polo PS de G-PSOE : EDUARDO REGUERA OCAMPO.

Pola Agrupación de Electores de Redondela: RICARDO FIGUEROA RODRÍGUEZ.”

INTERVENCIONS:

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o BNG vai respectar este acordo, pero non o vai apoiar porque di que tería que haber un representante do BNG, vai absterse.

VOTACION E ACORDO:

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as, sendo 20 votos a favor (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 da concelleira non adscrita), e 1 abstención do BNG.

6. Prórroga do III Plan de Igualdade de Oportunidades Municipal do Concello de Redondela.

ANTECEDENTES:

Ditame da comisión informativa de benestar social na súa sesión do día 01/09/2016 que di:

“A Comisión Informativa de Benestar Social na súa xuntanza ordinaria celebrada en data 1 de setembro de 2016 tratou o seguinte asunto:

- Prórroga do III Plan de Igualdade de Oportunidades Municipal do Concello de Redondela

A proposta é aprobada con tres votos a favor e tres abstencións, sendo un dos votos a favor o emitido pola presidenta da Comisión.”

INTERVENCIONS:

A concelleira PARIS BLANCO da lectura ao programa do Plan de Igualdade:

“1.-Na introducción destacar que no proceso de aprobación e implantación dun plan de igualdade de oportunidades coma este, teñen que consolidarse dunha banda as boas prácticas para corrixir as desigualdades e de outra mecanismos novos e fórmulas que permitan modificar os factores que xeran a desigualdade.

2.-Con respecto ao marco conceptual destacar os principios polos que se rexe este plan, que son os de.

Responsabilidade (segundo marca a lei galega de igualdade do 2007)

Transversalidade

cooperación e coordinación institucional

principio de participación e promoción da muller

e a maiores outros coma o principio de eficiencia, o de adecuación aos fins e o principio de executabilidade real.

Concello de Redondela



3.-Con respecto a estrutura esta é moi sinxela, comprendendo cinco grandes áreas de actuación que son:

- promovendo a igualdade dende a institución.
- Fortalecendo o cambio de modelos e valores
- avanzando no empoderamento da muller
- mellora de calidade de vida
- combatendo a violencia de xénero.

Cada unha destas áreas leva asociada unha serie de obxetivos que hai que enfocar a través de diversas accións.

4.-Con respecto as áreas de traballo, veñen definidas unha a unha e desenvolvendo unha serie de obxetivos nos que apoiar os resultados das accións desenvolvidas.

5.-No proceso de seguimento e avaliación, falamos de informes anuais, e dun dar conta ante a comisión específica, no noso caso sería o consello da muller.

6.-Por último os anexos explican o método de elaboración e apuntamentos sobre o seguimento.

O presente plan de igualdade, como xa se indicara nun consello da muller de marzo de 2015, estaba reflectindo unha boa porcentaxe de cumprimento dos obxetivos propostos.

Neste ano 2016 correspondería que fixeramos unha nova avaliación interna para dar conta dela, ou contratála externamente a unha consultora para dar por rematada a vixencia do mesmo.

No caso que nos presentamos, estimamos convinte dende o departamento, tras diversas conversas coa directora do cim, o solicitar unha prórroga do plan actual, xa que se considera un plan axeitado para seguir aportando na construción da igualdade, que aínda está acutalizado e que nos pode axudar a vertebrar novas actuacións ate o fin de 2017, e seguidamente facer a avaliación final e o peche, coma paso previo á elaboración dun novo plan.

Para facer partícipe do nivel de cumprimento de obxetivos deste plan, seguidamente fago unha relación breve do actuado en cada área de traballo das cinco das que consta este plan, independente mente da conta que se dea no seguinte consello da muller.

AREA 1 (15)

promovendo a igualdade dende a institución:

- 1 Celebración trimestral do consello da muller.
- 2 Celebración semestral da mesa de coordinación da loita contra a violencia.
- 3 Concentracións e protocolo do concello no caso de vítimas galegas.
- 4 mellora da linguaxe inclusiva nos departamentos e guía que elaborou a deputación de pontevedra
- 5 Revisión de bases e regulamentos, no canto a linguaxe inclusiva dende o cim.
- 6 acordo plenario sobre a vixiancia do uso da linguaxe nos documentos advos.
- 7 Visualización por igual nas comunicacións de prensa e redes.
- 8 adecuación da web para situar visualmente en postos relevantes a muller
- 9 respecto a igualdade de acceso a probas e postos de traballo para homes e mulleres



tanto nos concursos coma nas promocións.

10 respecto no dereito igualitario a recibir cursos de formación para traballadores e traballadoras.

11 respecto á igualdade na petición de baixas por paternidade, maternidade e reducións de horarios por lactancia e atención a fillos.

12 respecto e cumprimento da paridade dentro dos tribunais de procesos de selección do persoal tanto funcionario coma laboral.

13 presenza en aumento na presidencia tanto de diversas comisións coma órganos e consellos parroquiais e de outra índole.

AREA 2(20)

fortalecendo o cambio de modelo e valores.

1 programa de igualdade e corresponsabilidade Eu tamén fago.

2 programa de igualdade e corresponsabilidade da poboación infantil, Nos tamén facemos.

3 diversos talleres de educación para non violencia e de afectividade e sexualidade nos ciclos de 3º e 4º de eso dos ies no concello.

4 planificación e desenvolvemento das concentracións mensuais contra a violencia fronte o concello, que se aprobou no consello da muller.

5 actuacións diversas (mostras de mulleres artistas, ciclos de videoforum, concertos, cartaces, etc) dentro das programadas polo mes de marzo.(anos 14. 15.16)

6 actuacións diversas (charlas de sensibilización, ciclos de cine, coaching social, este) dentro das programadas no mes de novembro (anos 14 15 16)

7 Charlas da directora do cim en diversas parroquias en asociacións de muller.

8 Colaboración cada ano con centros de secundaria para a elaboración do texto anual do día 25 n que se lee no acto institucional.

9 Exposición de mulleres en realidade,

10 axendas da muller

11 maior visibilización do cim tanto no día a día do concello, prensa e redes, normalizando coma un servizo máis á cidadanía.

12 Programa Irene de sensibilización e a prevención da violencia.

Este programa conlevou charlas en 7 asociacións

talleres de autodefensa

talleres nos centros de secundaria

curso formativo para sensibilizar a profesionais sobre violencia.

13 Actividades aire libre coma acuagim

14 Mellora da puntuación nas bases das subvencións a entidades de redondela, cando presentan programas de igualdade e estes son inclusivos de homes e mulleres.

AREA 3

avanzando no empoderamento das mulleres.

1 mantemento e mellora da partida económica das axudas municipais para programas de igualdade nas asociacións.

2 Puntuar con maior enfase as actividades nas que haxa participación en programas específicos de igualdade na convocatoria das axudas.

3 promoción e creación de novas vocais nos diferentes entes asociativos, que formarán parte do consello da muller.

4 mellora da comunicación vía mail, e colaboración coas entidades no que nos



soliciten.

5colaboración en diversas convocatorias para favorecer o emprego e a autonomía, sobre todo de mulleres en risco.(empregos de risga, deputación, praias e outros)

6asesoramento e tramitación de todos os salarios de liberdade que se solicitan.

7Inclusión nas bases da ordenanza para previr a exclusión, cláusulas exclusivas para a muller e axudas específicas.

8campaña de promoción de lecturas nas parroquias.

9celebración da xornada da muller no deporte.

10 celebración da feira do libro, a muller na palabra.

11 mantemento e convocatoria do consello da muller.

12coordinación cos servizos de emprego do concello e tamén de orientación laboral.

AREA 4

mellora da calidade de vida.

1 talleres de dinamización teatral

2 activiade acuagim

3 charlas de saúde sexual e reproductiva, menopausia e problemas de saúde da muller.

4 diversas convocatorias do programa municipal de conciliación

5mantemento e aumento das horas so servizo de asesoramento xurídico do cim

6 colaboración coa mesa local de seguridade de redondela.

7 colaboración con asociacións para atención de menores, aldeas, canguros, e outros, cando é preciso.

8 apoio e publicación sobre programas como Emega, na web e redes, informando sobre os contidos para promocionar o autoemprego feminino e a contratatación de mulleres.

9 traballo de extensión ó maior número posible de parroquias do plan de conciliación, para facilitar ó acceso das familias.

10 mantemento dentro del das plazas para atención a diversidade dos menores.

11 publicidade e información sobre outros programas coma bonos infancia, cheques guardería, e axudas por fillos menores de outras administracións.

12Dentro do proxecto de redacción do plan xeral de ordenación urbana para redondela, se contempla xa a creación de diversos órganos sociais e sectoriais que velarán por adaptar o deseños de estruturas e de territorio á conciliación e con enfoque non ´so funcional.

13 inclusión de mulleres en risco nos diversos programas e recursos do concello, tales coma talleres de alfabetización, mellora persoal, educación familiar etc.

AREA 5

combatendo a violencia de xenero

1campañas do 25 n que se planifican cunha temporalidade do mes de novembro.(14 15 16)

2 colaboración con xunta e deputación na implantación de actividades aplicadas para esa data concreta.

3 exposición municipal sobre prevención de violencia.

4 elaboración de materiais de difusión coma cubos que se situaron en diferente s parroquias

5 desenvolvemetno do programa irene, de prevencion.

6protocolo interno no cim, de tratamento dos casos graves.

Concello de Redondela



- 7 protocolo en caso de vítimas mortais en Malicia, aprobado polo pleno
- 8 contador de victimas estatais e galegas.
- 9 concorrencia a diferentes convocatorias de axudas para mantemento do cim
- 10 concorrencia a diferentes convocatorias coma o Pam de deputación de pontevedra
- 11concorencia ate a ultima convocatoria do programa clara para empregabilidade de mulleres vulnerables
- 12 coordinación do cim con todos os departamentos de orientación dos diferetnes centros educativos para tratar casos de violencia temperá.”

INTERVENCIONS:

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que apoian a proposta porque o traballo que se desenvolve é moi importante.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que a concelleira limitouse a ler o programa. Están de acordo que o traballo é moi importante polos obxectivos que quere implantar o plan de igualdade da muller, pero logo o Partido Popular vota a favor da distinción de sexos nos colexios. Di que o Partido Popular promociona esteriotipos sexistas que non van apoiar, fala da transversabilidade do Partido Popular, xa que o que di logo non o cumpre. Remata queixándose da hora da convocatoria do último consello da muller celebrado, en agosto ás 17 horas.

A concelleira LAIÑO FERREIRA manifesta que coinciden en cousas co que di o representante do BNG. Dende AER consideran que este plan de igualdade é bastate xenérico e que debería ser máis específico, con protocolos de actuación, definición das competencias máis estables sen lugar a dúbidas, maior formación, etc.... Gustaríalles tratar estes temas con máis axilidade. Queren que se lles facilite o informe de avaliación que solicitaron en 2015. Entenden que o departamento de igualdade son persoas responsables e que deberían terse en conta e consideración.

A concelleira REY GÓMEZ di que a concelleira París Blanco non lles falicitou a informacón. Que é un plan xenérico, non recolle as características de Redondela, como as mulleres nas zonas rurais. Non se centra nas persoas da Vila. Non se pode dar resposta senon saben as necesidades. Di que no Plan hai erros e aspectos que non se cumpren. Pon como exemplo, o entroido de verán no que houbo carteis sexistas. Di que a cidadanía quere protocolos eficaces de actuación e non programas que non se cumpren. Remata o seu turno, manifestando que a Deputación de Pontevedra aprobou un programa de mulleres vítimas de violencia de xénero no traballo, con resposta inmediata de actuación, pero que o Concello de Redondela non se adheriu.

A concelleira PARIS BLANCO resposta á concelleira Rey Gómez respecto á cartelería do entroido de verán que chegoulles tres dias antes da actuación da festa e que trasladouse aos implicados e Alcaldía para tomar coñemento, pero non tiveron tempo de reacción. Ao concelleiro González Campo, resposta que o consello da muller fixose ás 17 horas como o anterior. Respecto á distinción de sexos en colexios, que é un dereito de decisión dos pais. Di que é un Plan técnico e non etéreo. Respecto ao informe de avaliación que elaborou a técnica en 2015, é interno. Di que nunca tivo tanta repercusión un Plan de Igualdade. Que non é un plan xenérico senon un programa interesante. Hai un protocolo interno de actuación para as mulleres vítimas da violencia de xenero, e que están traballando cun programa de coordinación.

A concelleira LAIÑO FERREIRA di que aos consellos da muller antes acudían máis colectivos cando non se celebraba ás 17 horas, polo que debería reconsiderar a súa celebración nesa hora.

Concello de Redondela



A concelleira REY GÓMEZ repite que o Plan é xenérico. Di que falan dun protocolo de prevención e actuación que non existe. Non lles facilitan os informes da técnica. Critica tamén a hora de celebración do consello, falta de asistencia por problemas de conciliación. Pon o exemplo do concello de Vilagarcía con campañas que non son sexistas. Remata dicindo que tiveron que ter quitado os carteis.

A concelleira PARIS BLANCO respecto ao horario do consello que enviarase unha consulta aos colectivos para que digan a hora máis axeitada, e logo segundo a maioría decidírase a hora. Resposta á concelleira Rey Gómez que os carteis non se puideron quitar xa que estaban impresos e repartidos.

VOTACION E ACORDO:

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as, sendo 11 votos a favor (9 do PP, 1 do BNG e da concelleira non adscrita), e 10 abstencións (6 do PS de G-PSOE e 4 de AER).

7. Acordo para solicitar a desafectación do servizo educativo dalgunhas das vivendas dos mestres antigo colexio Encinas Redondela.

ANTECEDENTES:

Ditame da comisión informativa de urbanismo, infraestruturas e patrimonio na súa sesión do día 05/09/2016 que di:

“ASUNTO: ACORDO PARA SOLICITAR A DESAFECTACIÓN DO SERVIZO EDUCATIVO, VIVENDAS DOS MESTRES ANTIGO COLEXIO ENCINAS REDONDELA.

Pola presidencia dase conta da súa proposta de 23.08.2016 do seguinte tenor:

“Considerando que segundo resulta de informe facilitado pola Policía Local, as vivendas dos mestres do antigo Colexio R. Encinas de Redondela, agás as sinaladas cos números 4,10,14,16, que en principio están ocupadas por mestres adscritos ao centro educativo, non responden ás necesidades do citado servizo de ensino. Considerando que por parte da Alcaldía, se solicitou a desafectación das vivendas sinaladas cos nº 2, 6, 8,12,18 e 20 do ensino público a fin de podelas destinar a outras actividades municipais de interese público.

Resultando que malia que o Concello non ten polo de agora intención de desafectalas do dominio público, a delegación provincial da Consellería de Educación, aos efectos de prosegui-lo trámite iniciado, require que se aporte acordo plenario adoptado pola maioría absoluta dos membros da corporación.

Teño a ben propor ao pleno do Concello, previo ditame da comisión informativa, a adopción do seguinte acordo:

Solicitar a desafectación do servizo público educativo das vivendas nº 2, 6, 8,12,18 e 20 de acordo co plano adxunto, existentes nos aledaños do Colexio R. Encinas de Redondela, ao obxecto de que as mesmas poidan adicarse a outras actividades municipais de interese público.”



Intervencións:

.../...

Votación e ditame:

A comisión informativa de urbanismo, infraestruturas e patrimonio, en votación ordinaria e por maioría dos seus membros, de acordo coa porcentaxe de participación correspondente no voto ponderado, sendo 2 votos a favor (do P.P.) e 1 abstención (do BNG), estimou oportuno ditaminar favorablemente a precedente proposta.”

INTERVENCIÓN:

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que queren saber que vai pasar cos colectivos aloxados nesas vivendas e se van a ser realoxalos. Na proposta non se especifica que sexa para vivenda social, querría que se reflectise.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que a proposta non ten que ver co que di a concelleira Amoedo Dasilva de vivendas sociais. Vai apoiar tal cual o acordo como está escrito, xa que hai que ter coidado con crear guetos.

O concelleiro CRESPO ABAL di que van apoiar a proposta. Lembra que esta iniciativa partiu das marchas da dignidade.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que hai que dar unha volta ao que se vai adicar, xa que se aloxa a todas as persoas con necesidade social no mesmo lugar poden ser sinaladas.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que o fin é para o que ela describiu. Non ententen a postura do PSdeG-PSOE e BNG, xa que non se vai crear ningún gueto. Pon como exemplo as vivendas da rúa Prata onde están aloxados persoas de etnia xitana. Vai ser unha ocupación temporal. Di que teñen estereotipos de servizos sociais caducos. Este é un paso inicial para desafectar as vivendas afectadas que están abandonadas.

A concelleira QUINTANS COSTOYA pregunta onde se van alonxar os colectivos que ocupan agora as vivendas e se estas vivendas están abandonadas, di que fan falta para persoas que teñen risco de exclusión.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que crear 3-4 vivendas só para servizos sociais non o teñen claro, e hai que ter coidado, porque aínda que sexa temporal vai destinarse a ese servizo. Aínda así van contar co seu apoio porque considera que o concello ten que xestionar estas vivendas. Remata o seu turno engadindo que os contínuos cambios na lexislación urbanística fai que haxa escasez de vivenda social.

O concelleiro CRESPO ABAL di que isto ten orixe nunha carencia dunha parella en Saxamonde e que necesitaban dunha vivenda e pola marcha da dignidade. Necesítanse vivendas sociais, xa que hai prioridades na vida, e as asociacións e colectivos poden buscar outros espazos. É un primeiro paso que se fai e o van apoiar.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que hai unha ordenanza de emerxencia social para as cuestións sociais. Di á Sra. Amoedo Dasilva que tiña que dimitir como concelleira de servizos sociais polo comentario de que os de etnia xitana viven na rúa Prata. Di que quere facer guetos. Di que están aí para integrar e non facer guetos. Están a favor que sexa para un fin público.



A concelleira AMOEDO DASILVA resposta á concelleira Quintáns Costoya que os colectivos non teñen documentos ou convenios para o uso deses espazos. Resposta ao concelleiro Reguera Ocampo que o que tiña que dimitir é él, porque tiñan aos colectivos nesas vivendas sen ningún documento ou convenio. Di que non hai guetos, cando fala nunha etnia determinada é obvio e real. Independentemente da raza ou etnia, se a familia ten necesidade deben contar cun espazo onde estar. O que se propoñe é para vivenda social de ocupación temporal.

VOTACION E ACORDO:

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbanse nos seus propios termos por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita).

8. Aprobación, se procede, expediente recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 2.164,28 €.

Ditame da comisión informativa de economía e facenda na súa sesión do día 02/09/2016 que di:

“Asunto.-Aprobación dun recoñecemento extraxudicial por importe de 2.164,28 €

Vista a Proposta da Presidencia, de data 31 de agosto de 2016, transcrita di:

“Vistos os diversos gastos do Concello de Redondela que non figuran na contabilidade municipal ao corresponder a gastos pendentes do seu recoñecemento xudicial ou extraxudicial.

A intervención municipal emitiu o preceptivo informe de carácter negativo de data 31 de agosto de 2016, así como certificación de existencia de crédito.

A súa vez prevese que a aprobación, se procede, deste recoñecemento extraxudicial non vai supor limitación na execución dos gastos a impartir este ano.

Coa finalidade de non causar quebrantos económicos a terceiros, evitar enriquecementos inxustos para o Concello de Redondela, e poder contabilizar e posteriormente pagar diversos gastos.

Vendo que tal como establece o informe do Interventor, que os gastos correspondentes a anos anteriores foron facturados en anos posteriores foi como consecuencia do retraso na facturación ou na entrega da documentación dos terceiros. Esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Proceder ao levantamento do reparo do informe da intervención baseado en que procedese a aprobar gastos esixibles ao Concello.

Segundo.- Recoñecer extraxudicialmente gastos por importe total de 2.164,28 euros, distribuídos do seguinte xeito, e imputando os gastos ás partidas que se indican do orzamento do Concello de Redondela para o ano 2016:

Terceiro	Data da Factura	Nº de factura	euros	Partida Orzamentaria
José Manuel Durán Durán	27/04/2016	P-0001	134,50 €	1351B.22699

Concello de Redondela



(Café bar central)

Administrador de infraestructuras Ferroviarias	03/08/2016	1601509550	1.014,89 €	1651A.22500
Administrador de infraestructuras Ferroviarias	03/08/2016	1601509551	1.014,89 €	1651A.22500

2.164,28 €

Votacións e dictame.-

A comisión informativa de Economía e Facenda, en votación ordinaria, e cos votos a favor do grupo municipal do PP e do grupo municipal de AER, e as abstencións do grupo municipal do PSG- PSOE e da concelleira non adscrita, estimaron oportuno ditaminar favorablemente a proposta.”

INTERVENCIÓN:

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que hai cuestións que non teñen claras neste tipo de facturas e que non o van apoiar.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ solicita clarexar o motivo das facturas.

Intervén o Sr. Interventor Xeral, dicindo que tal como expuso na Comisión, respecto do ADIF, presenta dous tipos de facturas: de ocupación de dominio público e outra de custe por estudo e xestión de proxecto, como é este o caso das obras de alumeadado público.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que o Partido Popular debería parar de aprobar expedientes de recoñecemento de crédito.

O Alcalde da paso ao Sr. Interventor Xeral, quen resposta que son facturas que se emiten por provedores no ano posterior e que o Concello non pode facer outra cousa, porque ten que cumprir o período medio de pago.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que os provedores teñen dereito a cobrar, e que en anos anteriores houbo moitas facturas que non se pagaron e que están prescritas.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que non apoia a proposta pero non vai votar en contra.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que van apoiar a proposta.

O Alcalde chama á orde por primeira vez, ao Sr. Varela Couñago por falta de respecto á Presidencia.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que a voceira non saca irregularidades das súas concellerías noutras áreas. Seguen vivindo do pasado, das facturas no caixón. Deben falar de hoxe.

A concelleira AMOEDO DASILVA repite que o anterior goberno municipal deixou facturas no caixón prescritas, e que este goberno paga as facturas.

VOTACION E ACORDO:

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as, sendo 20 votos a favor (9 do PP, 6 do PS de G-PSOE, 4 de AER e 1 da concelleira non adscrita) e 1 abstención do BNG.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



9. Aprobación da modificación da Ordenanza Fiscal do Imposto de Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana. (RETÍRASE DA ORDE DO DÍA)

O Alcalde xustifica a retirada do punto da orde do día, en que se recibiu por rexistro municipal proposta da oposición, é que é necesario obter informes técnicos para estudar a mesma, para logo levar á Comisión Informativa e pleno, e que se pode convocar un extraordinario.

10. Actividade de control do pleno.

10.1. Dar conta das Resolucións de Alcaldía.

O Pleno queda enterado a través do acceso ao Libro de Resolucións da plataforma Gestiona.

10.2. Solicitudes de comparecencia.

Non hai solicitudes de comparecencia nesta sesión do Pleno.

10.3. Mocións.

10.3.1. Moción de AER sobre plataforma vítimas ALVIA 04155.

ANTECEDENTES:

Moción do grupo municipal AER o día 23/08/2016 con número 12489 que se transcribe a continuación:

“O grupo municipal da Agrupación de Electores de Redondela, en base ao artigo 19 do Regulamento Orgánico do Concello de Redondela, presenta a seguinte MOCIÓN, para o seu debate, e no seu caso, aprobación no vindeiro Pleno Ordinario.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A “*Plataforma Víctimas Alvia 04155*” leva loitando por esclarecer as circunstancias nas que tivo lugar o desgraciado accidente do tren Alvia 04155 con destino a Santiago de Compostela o 24 de Xullo de 2013. Este accidente, no que morreron 81 persoas e resultaron feridas outras 145, é o accidente ferroviario máis grave da historia da democracia española. Dita Plataforma constituíuse coa intención de reivindicar a verdade e a xustiza no seu amplo senso, esixindo tamén responsabilidades políticas polos feitos que rodearon ao mencionado sinistro.

Un suceso tan grave non pode nin debe quedar no esquecemento das institucións públicas e dos responsables políticos e por isto é necesario indagar nas causas e responsabilidades penais e políticas que puideran derivarse de dito accidente ferroviario. Á marxe das investigacións xudiciais e das responsabilidades penais que poidan derivarse delas, as vítimas sempre reivindicaron a apertura dunha Comisión de Investigación Parlamentaria para depurar as responsabilidades políticas; e nun exercicio de responsabilidade é necesario dar o noso apoio a esta iniciativa, situarnos do seu lado dándolles o noso apoio expreso.

A “*Plataforma Víctimas Alvia 04155*” denunciou en reiteradas ocasións a falta de



sensibilidade das autoridades e unha incompreensible situación de desamparo que viola os seus dereitos máis básicos como vítimas e familiares deste terrible suceso. Con esta moción non podemos reparar o dano inmenso que estas persoas sufriron, non podemos facer xustiza, nin esclarecer a verdade do ocorrido, pero a través do consenso entre todos os grupos políticos con representación no noso Concello, nun acto de responsabilidade e compromiso, contribuímos a recoñecer e dignificar ás vítimas e familiares do accidente ferroviario Alvia 04155.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal da Agrupación de Electores de Redondela, presenta para o seu debate e posterior aprobación en pleno os seguintes acordos:

- 1- Dar apoio expreso á “Plataforma Víctimas Alvia 04155”
- 2- Que o Concello de Redondela reciba á “Plataforma Víctimas Alvia 04155”, para coñecer as súas demandas e reivindicacións.
- 3- Solicitar ao Goberno do Estado que encargue a unha comisión de expertos e técnicos independentes a investigación do ocorrido.
- 4- Solicitar ao futuro Goberno do Estado a apertura dunha comisión de investigación en sede parlamentaria para establecer posibles responsabilidades políticas.”

INTERVENCIONS:

Da lectura da moción unha vítima do ALVIA 04155, quen agradece ao Concello de Redondea e a AER, en particular, que accedesen a presentar esta moción na Vila.

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que a creación da comisión de investigación foi levada por Marea ao Congreso. Da o máis sincero apoio a estas persoas.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO agradece ao representante da plataforma que presente esta moción ao Concello de Redondela. Engade que ao día seguinte da celebración desta sesión, fai 40 anos do accidente ferroviario en Redondela, cun paralelismo con este accidente. Di que o accidente serviu de base para a revisión das vías ferroviarias, a responsabilidade é política, e o condutor non é o unico culpable. O trazado da liña como as características do convoy eran as menos axeitadas. Di que o grupo do BNG reclamou un informe á Unión Europea, e no informe que emitiu recrimínase a mala xestión do goberno do estado no accidente. Demandouse que se constituíran comisións de investigación no goberno autonómico e estatal, e que o Partido Popular sistematicamente negouse. Deben esclarecerse as causas e os responsables. Todas as medidas que se adopten a prol do colectivo de afectados son positivas. Remata o seu turno, solicitando, respecto ao punto 2- que a reunión da plataforma se manteña coa presenza de todos os grupos da Corporación, e que se engada un punto 5-, no que se recolla: Instar ao goberno da Xunta de Galicia a creación dunha comisión de investigación parlamentaria.

O concelleiro REGUERA OCAMPO agradece ao representante do ALVIA a súa presenza, non están de acordo en que non se constituía una comisión parlamentaria. O que se debate debe ser algo absolutamente transparente, e os anima a que sigan nesta loita. Estase pedindo que se faga o que se ten que facer. No accidente ocultáronse moitas cousas. O día anterior á celebración do pleno houbo documental do accidente dirixida por Aitor Rei, e sería bo que o visualizaran todos. Hai un informe da axencia europea do ferrocarril no que conclúe que a comisión que investigou o accidente en España non era independente. A UE di que hai que facer outro informe, cunha comisión de técnicos e expertos independentes. Hoxe en día só está imputado o maquinista, e en marzo do ano 2014 desimputaron a 12 cargos do ADIF a fiscalía e



avogacía estado. Remata dicindo que o titular da entón secretaría de infraestruturas en xuño 2013, Rafael Catalá é hoxe o responsable do Ministerio de Xustiza.

A concelleira AMOEDO DASILVA manifesta o seu total apoio á plataforma do ALVIA e ao representante. Solicitouse a AER que lles facilitasen porse en contacto co representante da plataforma para falar con él, para deixarlle claro que o Concello non ten problema en recibir á plataforma do ALVIA, como non lles facilitaron a información puxéronse en contacto eles co representante. Resposta ao concelleiro González Campo que a Corporación recibirá á plataforma, que é quen representa aos cidadáns de Redondela. Non vai facer un debate político. Van apoiar á plataforma e a moción.

O concelleiro CRESPO ABAL di que aceptan as enmendas do BNG. Agradece aos membros que acudiron a ver o documental que se visualizou o día anterior, no que se pide que saia a verdade á luz. Agradece a postura do goberno municipal. Di que entre José Blanco e Ana Pastor foron os responsables.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que todos son sensibles ás problemáticas das familias. O goberno do Partido Popular negouse a crear comisións e ten unha responsabilidade moi grante. Hai responsabilidade política e xudicial. A Plataforma vai contar co apoio de todos os veciños e veciñas e Redondela. Van apoiar a moción.

O concelleiro CRESPO ABAL da lectura a unha carta dun afectado redactada en castelán do seguinte contido, tras o remate da lectura agradece a todos os grupos e plataforma por contar co seu apoio:

Buenas tardes, en nombre de la Plataforma Víctimas Alvia 04155, en primer lugar queremos agradecer al Grupo Municipal de xxxx la iniciativa de presentar esta moción, así como a los grupos de que se han sumado a ella.

A lo largo de estos 2 años y 9 meses desde que ocurrió el accidente del tren de Alta Velocidad en Santiago de Compostela, las víctimas hemos tenido que sufrir, además de las consecuencias del mismo -81 personas fallecidas y 145 heridas, algunas de ellas con graves lesiones irreversibles- el ninguneo, el trato inhumano, la humillación, las mentiras, la ocultación y la ausencia de colaboración con la Justicia por parte del Gobierno y de muchas instituciones públicas, además de la conducta hacia las víctimas por parte de políticos concretos, con nombre y apellidos, que- desgraciadamente- siguen hoy ocupando diversos puestos de representación y de responsabilidad en las instituciones, algunos de ellos cambiados de puesto y otros, los más importantes, ascendidos de categoría.

Pero como la Historia finalmente hace Justicia, hoy tenemos en nuestro país partidos políticos nuevos que, con distintos planteamientos ideológicos, pretenden renovar las instituciones, estar más cerca de los ciudadanos e intentar que esta democracia sea digna de tal nombre.

Desde un principio, las víctimas hemos reclamado una Comisión de Investigación Parlamentaria, en donde se depuren responsabilidades políticas, que existen desde el momento en que el ministerio de Fomento y las empresas públicas ADIF y RENFE publicitan la línea y el tren como de Alta Velocidad, engañando gravemente a la ciudadanía diciéndonos que "contaba con mayor seguridad, la última tecnología y sistemas de conducción automática". Para nuestra desgracia pudimos comprobar que no se cumplían ninguno de los requisitos de seguridad que exige este tipo de ferrocarriles, lo que ha quedado absolutamente claro en la causa judicial.

Varias decisiones del gobierno anterior y del actual en funciones comprometieron la seguridad de los viajeros. El accidente se habría evitado si no se hubiera cambiado el proyecto original en 2010, cuando era Ministro José Blanco.



Tampoco habría ocurrido si no se hubiera desconectado el sistema de conducción automática ERTMS en junio 2012, siendo ya Ministra Ana Pastor. Y por si esto fuera poco, altos cargos de Renfe y ADIF recibieron por escrito la advertencia de peligro del Jefe de Maquinistas de Orense, Sr. Iglesias Mazaira. y no tomaron ninguna medida.

Pese a lo anterior, como los Sres. Concejales sabrán, en el Parlamento Español, el PP vota 4 veces en contra de que la propuesta de creación de una Comisión de Investigación Parlamentaria vaya a Pleno. Finalmente, el 16/10/2013, se debatió en Pleno una Moción de IU proponiendo la creación de la Comisión. Votaron en contra PP, PSOE, CIU y PNV. Esta es la historia, Sres. Concejales, esta es la historia.

Las víctimas hemos tenido que soportar, además, multitud de afrentas. Una de las más viles fue que el 24 de julio de 2014, un año después del accidente, a la entrada de un acto en la Ciudad de la Cultura de Santiago de Compostela, que -se suponía- era para honrar la memoria de las propias víctimas y sus familias, no solamente no nos dejaron entrar a la inmensa mayoría de las víctimas sino que, no conformes con eso, nos enviaron a las fuerzas antidisturbios para impedirnos el paso. Ninguna persona del Gobierno de Galicia vino a darnos una explicación, ninguno tuvo un atisbo de compasión y de humanidad hacia nosotros.

Pero el ocultismo que las víctimas, como ciudadanos de pleno derecho que somos, hemos tenido que soportar por parte de las instituciones no queda ahí.. Cuando se publica la *Ley 19/2013, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno*, las víctimas nos dirigimos al Ministerio de Fomento por escrito, solicitando algunas aclaraciones respecto al desarrollo de la línea de Alta Velocidad, en el tramo Ourense-Santiago, así como a las características del tren Alvia S730 y sus respectivos costes, ya que nos resultaba difícil entender cómo, según datos aparecidos en los medios de comunicación, se podían haber gastado 164 millones de euros de todos los ciudadanos en un sistema de frenado automático (ERTMS) que nunca funcionó correctamente; o qué ahorro supuso el cambio del proyecto original; o en qué se emplearon los más de 58 millones de euros adjudicados, 24 días antes de las Elecciones Generales de 2004, a la empresa OHL en el tramo de Alta Velocidad Boqueixón-Santiago, de 5,8 km. de longitud y con una curva -donde se produjo el trágico accidente- trazada en los años 40 y que, al parecer, apenas sufrió modificación alguna.

Pues bien, ¿saben los Sres. Concejales cuál fue la respuesta del Ministerio de Fomento? Contestarnos con evasivas, remitiéndonos al portal del Perfil del Contratante y a dos enlaces en internet. Y cuál no sería nuestra sorpresa cuando nos encontramos que en ambos ponía: "página no encontrada". Como podrán comprobar una transparencia total y absoluta.

Existe el error humano, sin duda. Pero es mucho más fácil que éste se produzca cuando se desconecta el sistema de seguridad para evitar retrasos, se cambia el proyecto original por uno menos seguro, cuando se desoyen las advertencias de peligro, cuando el conductor de un tren de Alta Velocidad tiene que circular a 200 km./h y reducirla bruscamente a 80 km/h, sin señales laterales ni balizas, tiene que orientarse mediante "referencias personales" (contar túneles, ver un chalet con piscina o una valla, como está explicitado en la causa) y, además, tiene que atender las llamadas corporativas y, al mismo tiempo, ir mirando una "chuleta" escrita que, además, contenía errores.

Todos estos hechos, que son solamente un pequeño "apunte" de lo que estamos soportando desde que se produjo el accidente, es lo que nos lleva a insistir en la necesidad de una Comisión de Investigación Parlamentaria en el Congreso de los



Diputados, donde se levanten las alfombras y se conozcan, con luz y taquígrafos, todos los entresijos técnicos, económicos y negligentes que hay detrás de este accidente. Y desde luego no nos cabe la más mínima duda de que donde no existe transparencia es porque hay algo que ocultar. ¿Qué es lo que se trata de ocultar en este caso o a quienes se intenta proteger?.

Les invitamos encarecidamente a que vean el documental Frankenstein04155 , premiado en la Semana Internacional de Cine de Valladolid -SEMINCI- , que tras dos años de investigación, consultas a ingenieros y expertos ferroviarios expone de manera clara las negligencias cometidas. Tal y como dijo la periodista Julia Otero tras su visionado: “Les recomiendo que vayan a verlo, Frankenstein-04155, ES DEMOLEDOR”

Las víctimas no podremos descansar jamás si no sabemos absolutamente toda la verdad sobre lo que hay detrás del accidente y, además, consideramos que tenemos derecho a ello, nosotros y el resto de los ciudadanos, ya que esa es la única manera que nada semejante se vuelva a repetir.

Volvemos a repetir nuestro agradecimiento al Grupo Municipal de xxx y al resto de grupos que se han sumado a esta iniciativa, porque con ello demuestran que algo está cambiando en nuestro país y que los modos y maneras de hacer política hasta ahora quedan tan solo para la historia.

VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da moción anteriormente transcrita, apróbase coas enmendadas propostas: no punto 2-, engadir que se manteña coa presenza de todos os grupos da Corporación, e engadindo un punto 5-, Instar ao goberno da Xunta de Galicia a creación dunha comisión de investigación parlamentaria, por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes (9 do PP, 6 do PSdeG-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita).

Receso ás 22:20 horas .../...

10.3.2. Moción do PP sobre derogación criterios actuacións nas vías provinciais.

ANTECEDENTES:

Moción do grupo municipal do PP o día 19/07/2016 con número 11075 que se transcribe a continuación:

“MOCIÓN DEROGACION DE CRITERIOS DO DECÁLOGO DE CRITERIOS PARA AS ACTUACIÓN NAS VÍAS PROVINCIAIS

No pleno de data 29 de xaneiro de 2016 someteuse a debate e aprobación o “decálogo de criterios de actuacións nas vías provinciais”, resultando aprobado cos votos a favor do PSdG-PSOE, BNG e Coalición Electoral Son, e cos votos en contra do PP.

O decálogo aprobado polo goberno limita no seu articulado a posibilidade de executar actuacións ou mellora, só en aquelas estradas provinciais cunha intensidade media diaria de vehículos superior a 3.000 vehículos/día.

Por outra banda, o decálogo establece no seu criterio numero 8 a obrigatoriedade de que os concellos cofinancien as actuacións nas estradas provinciais, aportando o 30 ou 40% do custe da actuación, en función de si estamos ante una actuación de urbanización ou reurbanización. Ademais os concellos asumirán os custes das expropiacións no caso de que as houbese.



De darse o improbable suposto de que algún concello fose quen de asumir estas condicións para mellorar un vial provincial, a norma aprobada polo goberno da Deputación obriga ao concello a asumir a súa titularidade.

Enténdese que cando se aproba unha norma é para regular o que antes non estaba, ou pola contra, para mellorar as condicións existentes en canto ás actuacións a levar a cabo nos preto dos 1.700 km de estradas provinciais existentes nos 62 concellos da provincia.

Lonxe de conseguir unha mellora nas estradas provinciais, danos a impresión que o decálogo foi aprobado como ferramenta na que o bipartito xustificara a parálise premeditada dos proxectos que estaban en marcha co anterior goberno, ao tempo, de eliminar a posibilidade de facer actuacións nas estradas provinciais dos concellos menos poboados e mais pequenos da nosa provincia.

Que o decálogo recolla como condición para que se leve a cabo a mellora dunha estrada provincial unha ratio de 3.000 vehículos/día, elimina a posibilidade de actuar en máis do 90% das estradas provinciais.

Que ademais impoña aos concellos que cumpran a ratio de vehículos/día, aportar o custe do proxecto o 30 ou 40% de financiamento municipal, elimina a posibilidade de que a maioría dos concellos e dos cidadáns da provincia poidan ver melloradas as estradas provinciais, sobre todo si viven en concellos pequenos ou do interior.

Que o decálogo non está a cumprir cos obxectivos que debe buscar a norma reguladora das actuacións nas estradas provinciais pódese comprobar nestes momentos vendo a falla de roza e limpeza de maleza nos marxes das estradas.

Que o decálogo está a servir de ferramenta de parálise de actuacións nas estradas provinciais, pódese ver pola falta de licitacións de obra nas vías provinciais e pola paralización de proxectos que xa estaban en licitación ou execución co anterior goberno do Partido Popular.

Por outra banda as reformas introducidas pola lei 27/2013 de 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, clarifica as competencias de cada Administración Local a fin de evitar duplicidade e, ademais, evita que una administración exerza competencias cando legalmente non as ten atribuídas.

Que una norma aprobada polo goberno bipartito da Deputación, condicione as actuacións nas estradas que lle son propias, a que o concello asuma a titularidade da vía, parece que poida contradicir ou entrar en conflito coas competencias que debe asumir a Deputación de Pontevedra, de acordo a lei de Bases de Réxime Local, reformada trala aprobación da lei 27/2013 de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

Por todo elo o Grupo Partido Popular do Concello de Redondela somete a aprobación do pleno o seguintes

ACORDOS:

1. Instar á Deputación de Pontevedra a modificar o acordo plenario de data 29 de xaneiro de 2016 “aprobación do decálogo de actuacións nas vías provinciais”, no sentido de derogar os seguintes criterios:

- a) “Nº5. As actuacións de modificación de trazado e ampliación de plataforma realizaranse só en estradas cunha intensidade media diaria de vehículos superior a 3.000 vehículos/día, de non ser viables outras alternativas de menor impacto”.
- b) Nº8. As actuacións de urbanización de vías provinciais serán cofinanciadas ó 70% pola Deputación e o 30% por cada concello. As reurbanizacións serán cofinanciadas ó 60% pola Deputación e o 40% por cada concellos. A posta a disposición dos terreos, ante fedetario publico, correran a cargo do concello,



agás se por razóns de interese xeral compre a incoación do procedemento expropiatorio, correndo o concello cos seus custes”.

- c) Nº9. En todos os casos de urbanización ou reurbanización a actuación levará aparelhada a transferencia os concellos da titularidade da vía no tramo correspondente, que non ten por que estar circunscrito o ámbito de actuación. Fomentárase a transferencia dos treitos urbanos que teñan inicio e final nun mesmo concello”.

INTERVENCIÓNS:

A presente moción redáctase co indicado polo Alcalde, antes da lectura da moción, respecto á corrección dos seguintes erros: o grupo do Partido Popular do concello de Redondela e no Punto 1 do acordo engadir instar á deputación de Pontevedra.

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que non é responsabilidade do Concello modificar un acordo da Deputación. Non van votar a favor.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que hai que saber se o Alcalde fixo algunha aportación cando foi ao pleno o debate deste Decálogo. E se solicitou algunha entrevista co deputado provincial competente na materia. Na exposición de motivos da moción non fala de Redondela. Recordamos o Plan Móvese, o que ten como finalidade mellorar as condicións de seguridade dos peóns e vehículos. O Plan pretende mellorar a seguridade vial dos veciños. O que hai que reprobar á Deputación é a lentitude das actuacións. O que plantexa da transferencia das estradas é contraditorio. Remata que debería ser retirada a moción.

O concelleiro CRESPO ABAL di que outra vez no pleno de Redondela unha moción do Partido Popular sobre a Deputación. Non van apoiar a moción. O que terían é que convocar unha comisión e logo presentar os acordos á Deputación. Remata dicindo que, ou retiran a moción, ou se a manteñen van votar en contra.

A concelleira RIVAS GÓMEZ di que unha vez máis o goberno do Partido Popular quere que o pleno de Redondela sexa un da Deputación. O Alcalde debe facer o seu traballo na Deputación e non aquí. Este Decálogo aprobouse no pleno da Deputación e houbo un mes para presentar alegacións. O único que votou en contra foi o Partido Popular. Este Decálogo aprobouse porque non había criterio. Establece criterios fixos e homoxéneos de estradas que dependen da institución provincial. Con este Decálogo preténdese priorizar os sectores máis vulnerables protexendo aos peóns e ciclistas e á seguridade do transporte público, preténdese establecer un criterio único para a financiación de obras, sen que a cor política sirva de elemento determinante para a cofinanciación.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que traen a moción porque son cuestións a mellorar que entenden que afectan ao municipio. Cren que o Decálogo ten deficiencias, están no seu dereito e obriga de defender os dereitos dos veciños e veciñas de Redondela. Non entende o criterio do Decálogo de que as estradas que teñan máis de 3.000 vehículos teñen dereito a melloras e as outras non. A Deputación debería traballar para os pequenos e medianos concellos. Non aproba que a Deputación subministre cartos aos grandes concellos. Solicita a AER que lean o Decálogo e que digan se non hai incongruencias. Están esperando por obras que estaban aprobadas no anterior goberno e están sen executar pola Deputación.

A concelleira QUINTANS COSTOYA repite que o pleno non é o sitio para tratar esta moción e que se está deixando de tratar outras mocións que afectan ao concello.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o plan Móvese pode ter as súas eibas. Pero

Concello de Redondela



o Partido Popular busca algo para cuestionalo. A seguridade dos veciños e veciñas vaixe priorizar. O Decálogo recolle cuestión, como o ancho de beirarrúas para que peóns poidan circular. O Partido Popular renunciou á mellora da seguridade vial da estrada provincial de Vilar porque o proxecto se fixo mal, non pediron medidas de seguridade viaria. Na estrada de O Viso non fixeron nada. Fala da incapacidade do goberno para xestionar melloras viais, como no caso dos que quedaron afectados por obras do AVE. Remata reiterando que van votar en contra.

O concelleiro CRESPO ABAL di que se hai camiños que están mal que convoquen comisión e que vaian á Deputación. Estes temas deben tratarse na Deputación. Van votar en contra.

A concelleira RIVAS GÓMEZ di que o Partido Popular trae esta moción para facer ruido. O Partido Popular non fixo alegacións na tramitación do Decálogo. O Alcalde non solicitou reunirse co deputado provincial.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que AER non leu o Decálogo. Respecto á cofinanciación que recolle o Decálogo non ten en conta os orzamentos dos concellos, da igual que sexa grande ou pequeno. A realidade é que as estradas están intransitables por non limpeza dos camiños.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, rexéitase por maioría dos/as concelleiros/as, sendo 9 votos a favor do PP e 12 en contra (6 do PS de G-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita).

10.4 Rogos e preguntas.

PREGUNTAS:

1. Pregunta do PSdeG-PSOE sobre beirarrúas N-552. (Rex. Entrada 07.09.2016, 2016-E-RC-13453).

A estrada N-552 está a ser humanizada coa creación de beirarrúas entre o alto da Encarnación e Cabanas. Estas beirarrúas contan cunha anchura de 135cm, anchura inferior aos 150cm necesarios para considerar as beirarrúas como accesibles.

1. Que xestións fixo o Goberno Municipal do PP para acadar a lo menos unha anchura accesible, 150cm, nesta zona da N-552?

RESPOSTA: O concelleiro GONZALEZ BARBEIRO di que o goberno fixo as xestións necesarias para que estivera nas mellores situacións. Cumpre a normativa de anchura.

2. Pregunta do PSdeG-PSOE sobre cumprimento ordenanza fiscal reguladora da taxa pola instalación e utilización vía pública de mesas, cadeiras, parasoles, e instalacións complementarias que constitúan actividade de hostalaría con finalidade lucrativa. (Rex. Entrada 07.09.2016, 2016-E-RC-13454).

En 2013, aprobouse a "Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola instalación e utilización na vía pública de mesas, cadeiras, parasoles, e instalacións complementarias que constitúan actividade de hostalaría con finalidade lucrativa". Na actualidade, é bastante visible a falta de aplicación desta ordenanza con: obstáculo para o tránsito peonil, publicidade en mobiliario de locais hostaleiros, instalación de



aparatos audiovisuais que emiten emisións acústicas nas terrazas, amontonamento de mobiliario hostaleiro na rúa...

1. Cal foi o seguimento do Goberno Municipal do PP sobre o cumprimento desta ordenanza?

RESPOSTA: O concelleiro GONZALEZ BARBEIRO di que o seguimento foi constante polo servizo de recadación cun resultado bo.

3. Pregunta do PSdeG-PSOE sobre solicitude Comisión de Festas de San Fausto do Pavillón de Chapela para realización festas patronais. (Rex. Entrada 07.09.2016, 2016-E-RC-13455).

O 21 de abril de 2016, a Comisión de Festas de San Fausto de Chapela solicitou ao Concello de Redondela o recinto do Pavillón de Deportes de Chapela para a realización das festas patronais de Chapela.

1. Como está a tramitación de dita solicitude? Foi informada a Comisión de San Fausto de Chapela do estado da dita petición?

RESPOSTA: O concelleiro GONZALEZ BARBEIRO di que nestas datas recibíuse a solicitude. Se lle contestou en tempo e forma e aínda non atenderon ao requirimento, pero se cumpren esta explanada está á súa disposición.

4. Pregunta do PSdeG-PSOE sobre reparación casa do conserxe do C.E.I.P. Outeiro das Penas. (Rex. Entrada 07.09.2016, 2016-E-RC-13456).

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria está a reparar a cuberta do C.E.I.P. Outeiro das Penas. Con todo, a casa do conserxe que pertence ás devanditas instalacións non está sendo incluída.

1. Por que a casa do conserxe do C.E.I.P. Outeiro das Penas non está a ser reparada? Que xestións fixo o Concello de Redondela respecto a reparación da casa do conserxe?

RESPOSTA: A concelleira PARIS BLANCO di que se reuniron con centro en algunha ocasión, co consello escolar e ANPA, e non lle chegou noticia de que facía falla reparar este tellado. Descoñecía que o tellado tiña problemas pero que o consultará.

5. Pregunta do PSdeG-PSOE sobre parada de autobuses escolares no I.E.S de Chapela. (Rex. Entrada 07.09.2016, 2016-E-RC-13458).

O lugar de estacionamento dos autocares escolares do I.E.S. de Chapela atópase ocupado polo material das obras da AP-9

1. Como vai a xestionar o Goberno Municipal do PP a parada dos autobuses escolares no I.E.S. de Chapela?

RESPOSTA: O concelleiro GONZALEZ BARBEIRO di que está arranxada a problemática, tiveron reunión co director do instituto, afectados AP-9, empresa obra e empresa transportes, e buscouse unha solución.

6. Preguntas AER sobre o balance económico do Entroido de Verán e outras. (Rex. Entrada 07.09.2016, 2016-E-RC-13474).

O grupo municipal da Agrupación de Electores de Redondela, en base ao artigo 39 do



Regulamento Orgánico do Concello de Redondela, presenta a seguintes PREGUNTAS, para a súa contestación no vindeiro Pleno Ordinario.

O pasado sábado 20 de agosto celebrouse un ano máis o Entroido de Verán de Redondela. Do mesmo xeito, o pasado día 9 de agosto de 2016 a presente Agrupación preguntou por rexistro unha serie de cuestións respecto ao Entroido de Verán 2016 que non foron contestadas a día de hoxe. Tendo ademais en conta as intencións manifestas polo concelleiro de Cultura, que renuncia neste pleno seu cargo, trala pasada edición de reformular este evento de cara a melloralo.

Unha vez examinada a seguinte documentación:

- Bases reguladoras e normas para a instalación barras exteriores nas terrazas dos establecementos de hostalaría e postos para venda de comidas durante o Entroido de verán.
- Bases reguladoras para a instalación barras polos establecementos de hostalaría no recinto da festa do Entroido de Verán.

E unha vez observado o resultado do evento celebrado ao longo do pasado 20 de agosto e da madrugada do día 21.

En virtude do anteriormente exposto, realizamos as seguintes preguntas:

1. Sobre o balance económico do Entroido de Verán.

Cal é o orzamento correspondente ao Entroido de Verán, detallando ingresos, financiación, axudas a recibir, doazóns, aportación pública, como gastos en loxística, actos programados, seguridade contratada, seguros, custe das forzas públicas e de protección civil asignadas ao evento, publicidade e difusión, etc? Poderían detallar os seguintes conceptos:

- Ingresos e gastos reais da edición 2016 do Entroido de Verán, incluíndo o Convenio coa Asociación de Empresarios de Redondela.
- Gastos do Entroido de Verán 2016 que asume o Concello de Redondela.
- Gastos do Entroido de Verán 2016 que asume a Asociación de Empresarios de Redondela como colaborador manifesto.
- Detalle dos ingresos debidos ás barras e á publicidade, que entidade cobrou ese importes e que gastos se finanza cos ingresos de barras e publicidade?

RESPOSTA: A concelleira AMOEDO DASILVA di que como se dixo na comisión, están no proceso de contabilización de gastos, cando teñan datos se lle dará de xeito exhaustivo.

2. Sobre a relación do Concello de Redondela coa Asociación de Empresarios de Redondela no referente ao Entroido de Verán.

Poderíannos proporcionar copia escrita do convenio existente asinado entre o Concello de Redondela e a Asociación de Empresarios de Redondela para a co-organización do Entroido de Verán 2016?

RESPOSTA: A concelleira AMOEDO DASILVA di que a colaboración coa asociación de empresarios non está por escrito, non hai convenio.

3. Sobre a ocupación de espazo público coas barras no Entroido de Verán.

En virtude de que normativa ou ordenanza se atribúe a regulación da ocupación de espazo público a unha asociación privada allea ao Concello para o Entroido de Verán,



que se establecen diferentes cotas a hostaleiros de Redondela por ocupación de espazo público durante o Entroido de Verán e por que a unhas empresas se lles require para a instalación de posto no Entroido de Verán, acreditar o pago do último recibo de autónomos, alta no IAE e estar en posesión de manipulador de alimentos, quedando eximidas as empresas socias da asociación entidade privada sectorial?

RESPOSTA: A concelleira AMOEDO DASILVA di que o leva a asociación de empresarios, se lle pide información dos que non teñen os datos. Tratarase máis detalladamente e o concello fará un control máis exhaustivo.

4. Sobre o “Comité Organizador” do Entroido de Verán.

Quen é o “comité organizador” do Entroido de Verán que decide sobre a “PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES” e sobre o “PROCEDIMENTO DE ADMISIÓN DE SOLICITUDES” de instalación de barras, que ademais avaliou as solicitudes presentadas? Quen é/son o/os representante/s do Concello dentro do “comité organizador”?

RESPOSTA: A concelleira AMOEDO DASILVA di que forman parte do comité organizador representantes do concello e a asociación de empresarios e, segundo as necesidades e temas que se falen, os concelleiros que teñan esas competencias delegadas, que son: eventos, interior e seguridade e, vías e obras.

5. Sobre a programación e as actividades ligadas ao Entroido de Verán.

Que criterios artísticos e culturais se seguiron para contratar as actuacións programadas no campo da feira e como se actuou de cara a situación repetitiva de “botellón descontrolado” que se viviu dende a Alameda ata o Paseo da Xunqueira, pasando pola zona antiga de Redondela favorecido claramente pola decisión de Alcaldía de suspender provisionalmente ata as 4h do día 21.08.2016 o cumprimento dos obxectivos de calidade acústica no centro urbano da vila de Redondela?

RESPOSTA A concelleira AMOEDO DASILVA di que o entroido de verán atrae a moita xente a Redondela, o goberno intenta controlar máis esta situación no entorno da Alameda. Houbo aumento de seguridade e baños públicos. As medidas o decidiu o goberno en base á necesidade e o tipo de público que acude ás festas.

ROGOS:

1. Rogo PSdeG-PSOE sobre pista multideportiva na Marisma. (Rexistro entrada 07.09.2016, 2016-E-RC-13474).

Na Marisma de Redondela atopáanse tres pistas adicadas unicamente ao tenis e catro futuras pistas de pádel en construción. Tendo en conta que no Clube de Baloncesto de Redondela xogan ao baloncesto 150 nenos e nenas e 300 nenas e nenas ao balonmano ademais de numerosos afeccionados e afeccionadas a ditos deportes

ROGAMOS, ao señor Alcalde que faga a xestións oportunas para:

Que se inicien trámites para que unha das tres pistas de tenis se convirta nunha pista multideportiva dotadas de canastras de baloncesto e porterías de balonmán e futbito.

O Alcalde expoñe que cando chegaron as pistas estaban deterioradas, fixeron un plantexamento distinto. Se hai tres pistas é por petición do club de tenis.

Chama á orde por primeira vez á concelleira Rey Gómez.



Remata dicindo que no entorno do pavillon están tramitando pistas de skate e baloncesto.

11. Renuncia ao seu posto de concelleiro de Francisco Javier Alonso González.

Visto o escrito de renuncia presentado con rexistro de entrada o día 2 de setembro de 2016, 2016-E-RC-13101 polo concelleiro de cultura, turismo e novas tecnoloxías D. Francisco Javier Alonso González (nomeado por Resolución da Alcaldía de data 31.07.2015), renunciando á súa condición de concelleiro da corporación municipal en toma de posesión no pleno de 30.07.2015, ponse en coñecemento do pleno ao amparo do disposto nos artigos 182.2 da Lei 5/1985, 19 de xuño, Órganica do Réxime Electoral Xeral e artigo 9.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais para que poida tramitarse diante da Xunta Electoral a súa substitución, pola persoa que segue na lista electoral do PARTIDO POPULAR (PP), ÁNGELA ANTÓN PAZOS.

VOTACIÓN E ACORDO:

O Pleno do concello, por asentimento unánime, toma coñecemento da citada renuncia, para os efectos oportunos.

E dado o avanzado da hora, sendo as vinte tres horas e corenta e cinco minutos do día indicado no encabezamento, o alcalde levanta a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.-

Acta Modificada según o acordo adoptado no Pleno 18/2016 do 01/12/2016.